

CAMPIONATO  
UNIVERSIDADE DE VIGO  
PÁDEL

DATAS: Do 13 ao 16 de marzo de 2017

LUGAR: Cidade Deportiva do Círculo Mercantil de Vigo

## **REGULAMENTO:**

### **1.- OBXECTO**

Este regulamento ten como obxecto regular a organización e o desenvolvemento do Campionato Interno Universitario de Pádel en categoría masculina e feminina, que se desenvolverá do 13 ao 16 de Marzo do 2017 na Cidade Deportiva do Círculo Mercantil de Vigo.

### **2.- NORMAS SUBSIDIARIAS**

En todos aqueles aspectos e conflitos nos que a solución non estivera recollida na presente Normativa, o en aquelas lagas que se puideran presentar na mesma, aplicarase como norma subsidiaria o Regulamento Técnico da F.E.P. e, no seu defecto, quedará a súa solución a decisión da Comisión Técnica.

### **3.- PARTICIPANTES**

Poderán participar membros da Comunidade Universitaria da Universidade de Vigo (alumnos, PDI e PAS).

As parellas gañadoras, e que cumpran os criterios de selección impostos pola Universidade de Vigo, representarán a Universidade no Campionato de España Universitario.

### **4.- INSCRICIÓNS**

A inscrición é totalmente gratuíta por medio da aplicación web de xestión das competicións do Servizo de Deportes: <https://deporxest.uvigo.es>

É importante indicar a preferencia horaria. Sobre todo, dispoñibilidade para xogar antes das 17:30 horas.

O periodo de inscrición vai dende o 16 de xaneiro ao 6 de marzo.

Os participantes deberán presentar o D.N.I, pasaporte, carné de conducir ou tarxeta universitaria na propia instalación antes do comezo da competición.

### **5.- CATEGORÍAS**

O Campionato disputarase nas seguintes categorías:

- Dobres masculino
- Dobres feminino

### **6.- NORMAS TÉCNICAS**

#### **6.1.- SISTEMA DE COMPETICIÓN**

A Comisión Técnica indicará en cada Categoría, o sistema de competición, con anterioridade ao inicio da mesma.

Dito sistema de Competición determinarase en función do número de parellas inscritas, e será, ben en sistema de liguilla previa seguida de eliminatorias directas, ben a través de eliminatorias directas e posibilidade de repesca.

O sistema de competición poderá ser diferente para cada categoría.

A comisión técnica poderá configurar o sistema de competición que estimen e a súa decisión será inapelable.

O calendario de Competición definitivo estará dispoñible na paxina web do Servizo de Deportes a partires do día 9 de marzo.

## **6.2.- NORMAS XERAIS**

O Campionato rexirase pola normativa vixente de Pádel da Real Federación Española de Pádel, xogándose todos os partidos o mellor de 3 sets, con tie-break en todos eles.

Transcorridos 5 minutos da hora sinalada para o comezo de cada partido, considerarase non presentado o participante que non estivera no campo de xogo. A non presentación do participante considerarase incomparecencia.

Os participantes non finalizan a súa participación no Campionato, ata que non disputan o derradeiro partido programado pola organización.

Os horarios serán inamovibles.

Si antes de comenzar o Campionato, un dos integrantes da parella sufrise algún tipo de percance que lle impedira participar no mesmo, a Comisión Técnica reservase o dereito de admitir a un sustituto, sempre que este último reúna os requisitos estipulados no punto 3 do presente regulamento, e dito cambio sea comunicado ao Servizo de Deportes con alomenos 24 horas de antelación ao comezo do Campionato.

Polo contrario, unha vez comezado o Campionato, si por calquera causa un dos membros da parella non puidese continuar coa súa participación, este non poderá ser substituído, e a parella será eliminada do Campionato; a Comisión Técnica establecerá as correccións oportunas para o adecuado desenvolvemento da competición.

## **7.- PREMIOS**

Obterán premio as dúas parellas finalistas en cada categoría.

## **8.- RECLAMACIÓNS**

As posibles reclamacións faráanse ante a Comisión Técnica polo propio deportista.

## **9.- OBSERVACIÓNS**

Todo o que non este previsto en este regulamento se rexirá polas normas da Real Federación Española de Pádel.

Ademais do cumprimento do presente Regulamento, todo participante terá que cumprir a normativa de réxime interno do Círculo Mercantil de Vigo.

Vigo, 18 de xaneiro de 2017

